

Hai que resaltar que onde hai vítima hai vitimario para axitar as consciencias de todas e todos nós e incitarnos a asumir a nosa responsabilidade na loita contra a violencia de xénero, que comeza por cousas "pequenas", pero importantes, como non rir nin aceptar en silencio os comentarios e chistes machistas e agresivos contra as mulleres que se emitan na nosa presenza.

Hai mulleres vítimas porque hai verdugos, mulleres asasinadas porque hai asasinos que matan as súas vítimas e xeran un efecto de intimidación sobre outras mulleres. Facemos fronte a unha violencia de dominación, á que podería denominarse terrorismo.

# CONCURSO DE DESEÑO GRÁFICO



## A PREVENCIÓN DA

# VIOLENCIA DE XÉNERO

A Casa da Muller convoca o premio de deseño gráfico "A VIOLENCIA DE XÉNERO" de acordo coas seguintes bases:

**1.-** Poderán concorrer cantos autores e autoras o desexen con traballos de tamaño e técnica libres, que deberán ser presentados sobre soporte ríxido que facilite a súa posible exposición.

**2.-** Os deseños contribuirán a destacar o tema da violencia de xénero, tamén denominada violencia contra as mulleres. Deberanse centrar no **tema dos homes e a violencia de xénero**. Valorarase, así mesmo, o impacto das posibles frases ou lema, que conteñan os deseños. Será requisito indispensable que figure o símbolo do Concello de Lugo e os logotipos de Lugo 10 e da Casa da Muller.

**3.-** A autora ou autor do deseño que resulte gañador recibirá un premio dotado con 600 euros e agasallo.

**4.-** O cartel seleccionado quedará en poder do Concello de Lugo, que poderá reproducilo no tempo e maneira que estime oportunos. Os carteis presentados poderán ser expostos ao público.

**5.-** A entrega de orixinais poderá facerse por correo ou persoalmente, na Casa da Muller do Concello de Lugo. Avda. da Coruña, 212 (chalé Parque da Milagrosa), 27003 Lugo, e poderá efectuarse ata as 13 horas do día 20 de setembro de 2010.

**6.-** Os traballos deberán ser presentados de maneira anónima e baixo lema, en sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, indicarse o nome, enderezo e teléfono.

**7.-** O xurado estará integrado pola Concelleira de Igualdade e persoal técnico da Casa da Muller, co asesoramento de deseñadoras e deseñadores.

**8.-** O xurado resérvase a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos carteis ten méritos suficientes.

**9.-** A resolución do xurado, que se comunicará con antelación á persoa gañadora, farase pública.

**10.-** O premio será entregado no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente.

**11.-** Os traballos non premiados poderán ser retirados ata o 30 de **decembro de 2010**.

**12.-** A participación no certame supón a aceptación das súas bases e a decisión do xurado.

**Ata o 25 de outubro continúa aberto o prazo de presentación de traballos para o "I Certame de Fotografía "Revelando o Machismo"" e o "I Certame de Narrativa Xuvenil "Entre Iguais"" (bases na páxina web do Concello de Lugo: [www.lugo.es](http://www.lugo.es))**